

1

Xoves, 05.00

A pesar da escuridade que campaba naquela noite sen lúa, o Viquingo non precisou de apalpar no cadro de mandos para, con movementos rápidos e precisos, apagar os seis motores da lancha. Acto seguido, sen perder un segundo, correu a estribor para axudar o compañeiro, que xa se estaba a abrazar ao pontón lateral da batea. Non facía falta falar. Ben sabían os dous que non podían botar ningunha amarra, nin sequera un cabo, un adival, que se cadra había que saír a escape. Dese xeito, só abeirados, arredaríanse do tronco cun simple impulso seco das mans e darían arrancado decontado.

Unha vez seguros de controlar a planadora que ficaba pegada ás cordas, fórona levando en silencio para a esquina de fóra. Se había que mudar de posición para se agacharen, daquela viraríana axiña cara ao outro costado. Era cuestión de pulso, de tensa rixidez, máis nada, aínda que nesa situación o tempo fose un intre demasiado longo.

O ruído do ralentí da patrulleira foise achegando desde lonxe, pola parte de fóra das bateas que daban para terra.

Os potentes focos movíanse alumando, escrutando para dentro das estruturas de madeira do polígono. Paraban así que o barco se detiña, perforando a negrura do mar e perfilando os contornos dos viveiros. Ao pouco, seguían avanzando, levando paseniño a esculca para un pouco máis adiante.

Por dúas veces parecera que, de lonxe, os lampexos se paraban na batea onde eles se estaban a ocultar. Mais as cordas debían ser todas novas, con mexillón de recebo, aínda coa rede de desdobraemento a apertar a cría ao nailon trezado, e o seu pouco peso permitía que os bidóns dos flotadores elevasen a armazón máis dun metro sobre o nivel do mar, a altura precisa para ocultar o casco da lancha. Cos focos ameazando, escintilando con intensidade sobre o mar calmo, baixaron as cabezas, cos músculos en tensión por se había que reemprender a fuxida a toda máquina. Como moito, podían tardar quince segundos exactos en pór a andar todos os motores, xa o practicaran moitas veces antes, e máis desde que o xefe comprara os forabordas novos e pasaran a ser seis, e non catro, aqueles aparellos de última xeración.

Se están vindo por fóra, igual é porque queren dar unha volta toda arredor do polígono, bisbou coa súa voz augardentosa o Viquingo, así que pasen polas bateas que están alí ao fondo, movemos a lancha para o lateral de dentro, para que nos dea tempo a chegar ao bordo que dá para o medio. Ok? Vale, aceptou Fermín, o compañeiro, sen dubidar e sen mirar para el, cos ollos concentrados, cravados naquela luminosidade ameazante. Ademais, se hai que marchar fungando, aproamos mellor cara ás Sinas e os cons de Corea. Por alí non se atreven a vir, que xa bateron nas pedras unha chea de veces. Na última disque mesmo tive-

ran unha vía de auga, acrecentou o Viquingo cun sarcasmo que non viña ao caso, pensou Fermín.

Pasados os últimos lampexos das luces, comezaron a desprazar a planadora polo costado até situárense preto da outra esquina. Non lles foi difícil. Compenetrados, seguiron ao pé da letra a manobra acordada, e aínda que os seus nervios se movían tensos abrazando aquel tronco inmenso de eucalipto, o casco da lancha era lixeiro, de poliéster, e só os motores na popa facían unha lixeira resistencia.

Tal e como temían, a aduaneira comezou a virar a babor para completar a busca polas outras bateas. O Viquingo xurou polo baixo. Eran seis homes en cuberta, dous manexando nos focos e catro máis coas metralladoras a tiracolo, penduradas dun cinto no ombro, todos en alerta, apuntando para dentro do polígono. A noite era fecha. Se por algún acaso se lles ocorrese agora disparar unha bengala estaban perdidos. Veríanos seguro. Mais no medio da manobra escoitáronos falar entre si e ao pouco sentiron o acelerón do potente motor da lancha de vixilancia, rumbo a Vilagarcía, afastándose das bateas e achegándose lixeiramente á costa para continuar cara alí a pescuda.

Aínda desconfiados da rapidez de movementos daqueles focos, tardaron en pórse dereitos e respiraren aliviados daqueles minutos de crispación. Entrementres non se incorporaran, no ar só se escoitaba o rítmico chapinar da auga nos fondos da planadora que daban a barlovento. O Viquingo volveuse para o Fermín, que bufaba aínda aferollado cos brazos ao pontón. Con voz baixa e cun leve sorriso cáustico, díxolle ao seu novo colega de andainas, rapaz, qué, xa tes algo para lles contar aos netos. Anda, pasa o whisky, que ben merecemos un groliño.

Era a primeira vez que Fermín se vía nun lance semellante nos seis meses que levaba naquel choio. Nin na vida. Mesmo agora, indo case ao ralentí e sen luces cara á terra, dez minutos xa desde que perderan de vista a patrulleira, sentía o sangue a bater acelerado nas súas tempas. Estaba claro que aquilo non era para el. Aínda que ben pago, era demasiado o risco e el non se daba afeito. Non lle comentou nada ao compañeiro, non era prudente. O Viquingo, ademais de pouco de fiar, tiña sona de lingoreteiro. Se houbese outro traballo, mesmo que fose de pinche na construción, mañá mesmo lle mandaba recado ao Daniel, o amigo do seu primo, e deixaba de lle ir ás descargas. El vivía feliz traballando na oficina da madeireira, controlando pedidos, facturas e albarás, entrando a horas certas e saíndo con tempo para ir buscar os cativos á escola, e os viños o domingo, despois de levar os nenos á misa. Pero á morte do patrón, nin a viúva nin ningún dos fillos lle quixeron seguir co negocio e en dous meses fecharan a empresa. Unha indemnización escasa e ao paro, sen máis titulación que o bacharelato e un par de cursiños acelerados de informática administrativa. Que ía facer el? Eran catro para comer.

No camiño para terra, o Viquingo non parara de contar historias e de bromear. Desde que conseguiran desprenderse da aduaneira, a sobreproducción de adrenalina liberábase desa maneira, falando, mostrando unha fachenda un tanto grotesca e empoleirada, de home curtido e intrépido. Con todo, a pesar de tanta petulancia, recoñecía que se asustara cando os condenados dos gardas viraran cara á zona do polígono onde eles se agachaban, porque aínda que puidesen fuxir por mar, estaba claro que darían aviso e habíanos estar esperando en terra. Por sorte, o helicóptero

non aparecera. Se cadra andaba pola Costa da Morte que ultimamente disque había por alá moito movemento.

Xa se vira noutra así hai uns anos e botara toda a noite dunha banda a outra da ría, xogando ao gato e ao rato coa garda civil. Ao final, tivera sorte e preto de Rianxo fora dar a unha praia pequeniña que lle descubrira o pai cando aínda ían os dous xuntos ao mar, un areal que só emerxía na marea baixa, defendido por unha cadea de cons e un mundo de algas, e orientado para poente. Ademais, cando conseguira varar a lancha, o día xa abría e a luz do depósito levaba tempo avisando de que estaba a quedar sen gasóleo. Amarrara con dous cabos en curto e cubrira a lancha toda con argazos. Despois, dous días agardando no monte, logo de agachar ben a mercancía, sen comer nada e case sen beber. Eran outros tempos, e aguantábase todo. Daquela había pouca xente de gravata no choio. Todo era audacia mariñeira e celebracións a tope cando as cousas saían ben. As barras americanas fechadas só para eles. Os cartos, engruñados en bolsas de plástico sobre a barra mal iluminada polas luces de neon. E, no aparcamento, os Rover máis grandes do mercado. Tiñas que velos. De importación, coidadiño. Era moito cante, recoñecía agora, e aquela ostentación tan fachendosa acabou sendo a perdición para moitos.

Ao final, viñéranos buscar na mañá do segundo día, nunha furgoneta de reparto de electrodomésticos. El non podía ir pola súa conta a ningún sitio, cantaría a súa pinta, sen afeitar e coa roupa cheirando a gasóleo e chea de piche.

Otras veces, a cousa tivera máis chiste. Lembra unha. O Viquingo ri antes de comezar a contar, ao tempo que lles dá gas aos motores. Ían catro naquela lanchiña, moi

xeitosa ela, aínda das que se facían de taboleiro mariño. Porque antes, rapaz, dicía co seu seseo arousán, apoiándose no bordo do asento alto do piloto ao tempo que termaba con certa chulería do volante da planadora, rapaz, antes adaptábanse os barcos de recreo, os dos veraneantes, que até viñan cuns aparellos de música putamadre como se fosen para unha discoteca, e co leme forrado en pel imitando a tigre. Daquela, a xente que andaba ao fume preocupábase máis en camuflar a embarcación que en agachar para o que se usaban, en preparar a coartada para declarar perante o xuíz que en ir máis rápidos que a lancha da Garda Civil. Pois o conto foi que naquel lance viñan con el o Pirracas, o Fanecas e o Rato. Mi madriña. O melloriño de cada casa. Mais, xa se sabe, como non había cárcere se te pillaban, pois érache que a cousa tiña ás veces moita broma. Non chegara aínda este andazo da coca, que todo se volveu máis serio e perigoso, con pipas nas traseiras dos pantalóns. Andando só co tabaco, non se lle facía mal a ninguén. Penso eu, vaia, dicía o Viquingo. Ao Estado. Prexudicas ao Estado, disque. Pero quen carallo é o Estado? O Estado é o invento que usan algúns para que o negocio sexa só para eles, ou non?, deixémonos de lérias.

Pois fora o conto que estabamos agachados na Gorma, largando para terra un cento de caixas, e apareceu a lancha da Comandancia. Nós aínda coa metade do cargamento a bordo, sen descargar, entendes? Nin fixemos amago de lis-car. Pois así que o Fanecas ve o seu primo Pepote, daquela facendo a mili, vestido co uniforme azul escuro de faena, alí chantado na cuberta, co prato de mariñeiro rodeándolle a fronte, onda a metralladora de proa, xunto a aquel tenente andaluz, con cara de sorpresa os dous, pois, sen máis, vai

o Fanecas e espétalle berrando que que que que que, como era tatexo, meu pobre, que que que que fas ti aquí, eh?, como se fose el a autoridade e os militares os pillados na descarga. E o Pepote, que non era alá moi espelido, pois nada, díxolle como defendéndose e pedíndolle perdón ao curmán, de manobras, e logo non o ves?, estou de manobras, cos xefes. E o Fanecas, elevando moito a voz, pois xxxxxxxa vos podedes ir indo por onde viñestes, que estamos filfilfilmando unha película e aquí non podedes estar, que en chegando xa chafastes a gravación dunha escena. E o andaluz, desconcertado pola ocorrencia, una película? y dónde están las cámaras, quiyo? Por aí, ocultas, ou cocococomo cre que se fai?, co persoal por aquí popopopolo medio, para que nun despiste en vez de vernos a nós se vivivivise aos que levan as cámaras, ou poño por caso, que se vise ao dididididirector?, ou imaxine que caese algún ao mar, que estes de Madrid non saben nin nanananadar... Onde van estar as cámaras? Alí detrás, na praia. Pueh, pixa, en la playa no se ve ná, dixo o sevillano. E nós case a escachar coas ganas de rir, mais con todo calados co medo de ver aquel barco, case de guerra, que nos podería frixir a balazos se quixese aquel mando novato, seguro que acabado de saír da academia. Ademais, os forabordas de antes levaba un pouco botalos a andar, que ás veces nin arrancaban, e daquela si que nos levaban ao caldeiro, seguro. Se non tragaba aquel oficial, non había escapatoria. E o Fanecas a chamar para os dos coches, a facerlles acenos, que debían alucinar desde terra, claro, tanto tempo a falaren con aqueles militares, uns cos outros, sen que os prendesen, e agora delatándoos a eles, estaba claro que algo argallara. Como fora que o Rato deixara prendida a emisión

dos walkies, o receptor, que resultara telo o Caldeiras, metido no seu Land Rover, entendeu o xogo, prendeu as catro luces con que coroaba o teito do todoterreo e pediu a berros nun español chapurreado que acabase a interrupción dunha vez, que xa era tarde e tiñan que marchar a durmir, e que ao día seguinte rodaban pola mañá cedo en Lobeira e non había tempo que perder. Os outros, expectantes nos seus coches, entenderon a xogada e, seguindo ao Caldeiras, foron prendendo as luces tamén. Doce potentes pares de focos ofrecían unha iluminación de espectáculo. Escoltada a mensaxe co receptor en alto, aquel andaluz, desorientado, ensumido no que lle parecía ser un ridículo espantoso, deu orde de marcha atrás balbucindo desculpas pola intromisión. Tiñan que comprender, é que parecía talmente unha descarga de contrabando. O Fanecas, sen ocultar o seu suposto enfado, tateando cada vez máis, daba ordes para reiniciar a filmación. O Pepote, estático, co saúdo militar para despedirse, foise arredando sobre a cuberta da lancha que se ía afastando marcha atrás.

Meses, meses botaran a rir. Rían eles e a ría enteira ría. Fanecas fíxose famoso. Demasiado famoso. Non lle quedou máis remedio que desaparecer cando se descubriu todo, porque ían por el. Rirse da Garda Civil vale, dos xuíces, vale, pero facelo así dun mando da Mariña non estaban dispostas as autoridades militares a consentilo. Ninguén se atrevera a tanto.

O andaluz acabou rabeando polo seu funesto sino e cun destino forzoso en Ceuta. O Fanecas liscou para o Brasil, onde seica casou varias veces e acabou por ter un hotel de seu no estado do Río Grande do Norte. Que morra se non é certo. Pregúntallo ao teu primo, verás como non

minto, palabra, que eran moi amigos, e aínda verás como se bota a rir tamén.

Con estas e outras lerias, chegaron á zona do Rial, pasados os areais das Sinas. Entrados xa no esteiro, recibiron os dous lampexos de rigor desde as luces dun coche, que serviron para os orientar para onde tiñan que se encamiñar. Ultimamente xa non se comunicaban por radiofrecuencia pois podía interceptar. A comunicación tivera que volver novamente ás mensaxes luminosas, como ao principio de todo.

Nunha das manobras de burla dos perseguidores houbera que virar en seco e co abaneo perderan un pacote da carga. Era o momento ideal. O Viquingo, que o traía xa pensado, suxeriu como quen non quere a cousa que fosen tres e non un os vultos perdidos, dous fardos para eles, o suficiente para taparen algúns furados, que de seguro el tamén tiña algunha urxencia que atender.. Non hai ningún problema, home, dicíalle, como mostrándose comprensivo pola falta de experiencia de Fermín. Eu encárgome de vender a mercancía. Se podo, mañá mesmo. Non te preocupes, coará. Non os comprometendo a eles con todo o que pasara aquela noite, os xefes xa gañaran o día, e a incidencia de tres fardos perdidos era moi pouca cousa para o que podería ter sido. Cando tiveran que saír a toda máquina só quedaban sen descargar uns poucos pacotes alá, en Cambados, pola parte de Tragobe. Polo que lles tocaba a eles, a operación estaba feita, ou non? A ver, dime, vale? Fermín baixou a cabeza. Non cría moito no Viquingo, mais a verdade é que era unha boa oportunidade para liquidar algúns dos pufos que fora acumulando nos últimos tempos. Vale, dixo en voz baixa. Mais só esta vez,

acrecentou, movendo a cabeza, dubidoso. Mira que se nos pillan aparecemos cun tiro no cello.

No momento de afundir sen ruído o rización, outros dous obxectos silenciosos, envoltos en plástico ao baleiro, baixaban atados a unha pedra para agardar polo seu rescate no fondo do mar.